





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Virxe do Rocío

Rúa Rocio 70

36208 Vigo

 886120862 

ceip.virxe.rocio@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxerocio/>





INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN

PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 24	CENTRO: CEIP VIRXE DO ROCÍO COD. 36010009
---	----------------	--

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación

Identifica as partes básicas do corpo humano con detalles, no seu propio corpo, no doutro neno/a, nun debuxo e é capaz de reproducilo.

Realiza autónomamente e con iniciativa, os hábitos de limpeza, aseo e hixiene persoal.

Oriéntase e actúa autónomamente nos espazos cotiás.

Identifica, observa e explora o seu entorno máis próximo, físico, social e cultural, agrupando, clasificando e ordeando elementos e coleccións según semellanzas e diferenzas.

Utiliza a linguaxe oral, correctamente, para comunicarse cos demais.

Comprende e memoriza textos sinxelos, poemas, cancións...

Identifica e escribe o seu nome e apelidos.

Recoñece o fonema e a grafía de tódalas letras maiúsculas e minúsculas.

Realiza correctamente as grafías de tódalas letras maiúsculas.

Desenvolve a escritura na etapa silábica.

Emprega distintas técnicas plásticas para realizar obras creativas.

Interpreta e dramatiza esquemas rítmicos ,cancións ,danzas e obras sinxelas, diferenciando os parámetros básicos do son: duración, intensidade, timbre e ton.

Recoñece os cuantificadores básicos e a súa composición e descomposición dende o "0" ata o "9".

Asocia a cantidade coa imaxe dos números ,ademáis de realizar as grafías do "0" ata o "9".

Realiza operacións lóxicas: agrupar ata 9 elementos, seriar ata 3 elementos, clasificar...

Realiza operacións básicas de adición e sustracción.

Identifica conceptos espacio-temporais básicos.

Recoñece cualidades dos obxectos.

Identifica as figuras xeométricas básicas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, óvalo, rombo e estrela.

Identifica as cores primarias e secundarias fundamentais.

Interactúa ,de maneira positiva, tanto social como afectivamente, co seu grupo de iguais da escola, mostrando un forte sentimento de pertenza a dito grupo.

Posúe nocións e destrezas básicas no uso do rato, teclado, cámara fotográfica e PDI ,ademáis de utilizar recursos e programas básicos tics.

Valora a música a expresión corporal e a dramatización como medios de representación, comunicación

individual, social e cultural.

2. Avaliación e cualificación

A avaliación concíbese como unha análise do proceso educativo destes dous primeiros trimestres, tentando que , neste terceiro, sexan reforzadas as aprendizaxes adquiridas e, no seu caso, amplialas, favorecendo a retroalimentación e reestruturación de toda a actividade no seu conxunto.

Consideramos que un continuo proceso de autoavaliación no alumnado serviralle como instrumento para analizar os coñecementos adquiridos e reactivar a propia aprendizaxe.

Deste xeito, pretendemos conseguir que o alumnado vaia transformando os achados obtidos, en ferramentas de éxito para adquirir novos logros, neste derradeiro trimestre.

Os nenos e nenas deste grupo presentaban, antes do confinamento, un nivel medio-alto con respecto as competencias ao remate da ed. Infantil, polo que a nosa misión é a de reforzar e, no seu caso, ampliar as aprendizaxes de cada un dos cativos, según o nivel no que se atope cada un deles e eles mesmos reclamen. Por este motivo farase unha avaliación final tendo en conta só as dúas primeiras avaliacións e as circunstancias da terceira en cada un dos nen@s.

Todos os alumnos e alumnas deste grupo van promocionar á ed. Primaria.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades

ACTIVIDADES XERAIS DE CENTRO:

Con data 12 de maio, as actividades propostas ata este momento son as que seguen:

- ✓ ENIGMAS DO DOUTOR BACILUS.
<https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/Enigmas>
- ✓ CREANDO HISTORIAS CON LIBROS:
<https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/Creando%20historias%20cos%20libros%20de%20...>
- ✓ BOOKTUBERS NA CASA
<https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/booktubers%20na%20casa>
- ✓ TELERESÍO <http://virxedorocio.blogspot.com/search/label/TELERES%C3%8DO>
- ✓ MENSAXES EN TEMPO DE CONFINAMENTO #NaCasa
- ✓ REPLICAMOS PORTADAS.
<http://virxedorocio.blogspot.com/2020/05/replicamos-portadas.html>
- ✓ EXPOSICIÓN VIRTUAL RECICLA E CREA CON LIBROS,
<http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/recicla-e-crea-con-libros-na-casa.html>
- ✓ DÍA DO LIBRO #NaCasa, <http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/23-abril-dia-do-libro.html>

- ✓ ESCENIFICACIÓN DE CANCIONES,
<http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/dia-36-na-casa.html>
- ✓ CONCURSO MASCOTA EN 3D,
<http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/concurso-crear-unha-mascota-en-3d.html>
- ✓ CONCURSO DE MALABARES,
<http://virxedorocio.blogspot.com/2020/03/malabares.html>

ACTIVIDADES DE AULA:

- Dada a situación que estamos a vivir, todas as actividades presentadas abordáronse desde un enfoque globalizador, achegando ao nen@ ao coñecemento da realidade cunha intención totalizadora en canto aos elementos que a compoñen. Deste xeito, cada actividade vai tratar dunhas pautas de observación que nos permitirán establecer unha avaliación inicial dos seus coñecementos previos e considerar de que xeito están a abordar as actividades na casa e en que condicións.
- Motivación: Entendemos o termo motivación, neste tempo de confinamento, como a condición que inicia, guía e mantén un comportamento positivo cara as actitudes e aptitudes.

- Daquela, o noso obxectivo é incentivar o interese cun material atraínte, rico en estímulos e propicio para fomentar a participación deles e da familia, facéndoa así partícipe neste proceso tan complicado que tocounos vivir, ademáis de que constitúan situación de interacción agradable.
- Metodoloxía activa: este termo fai referencia a un conxunto de estratexias didácticas que estimulan ao alumnado a sentirse protagonistas da súa propia aprendizaxe. e ás familias a ser partícipes destas.
- Coas actividades propostas pretendemos que o neno participe na construción das súas propias
- aprendizaxes de maneira activa, de forma que se fomente a observación, a formulación
- de hipóteses, a busca de recursos, a experimentación, a capacidade crítica e a autonomía.
- A programación das actividades adáptase á situación vixente. Á vez que busca dar resposta ás necesidades dos nen@s, a selección de obxectivos, contidos e criterios de avaliación aquí formulados, está adaptada ás necesidades do momento e pretenden amoldarse aos diferentes ritmos das aprendizaxe de cada un deles.
- Socialización e comunicación: Consideramos que, nestes momentos, é importante formular

- situacións de aprendizaxe nas que o neno atope momentos para agruparse cos seus iguais
- e sentir o apoio dos demais, axudaranlle a socializarse a través da comunicación coas mestras e con outros compañeir@s, grazas aos diferentes medios de comunicación que temos.
- Neste senso, consideremos o xogo un elemento básico e primordial xa que as distintas situacións que se xeren con él, facilitarán o proceso intelectual e afectivo do neno, ademáis da interacción familiar.
- As actividades propostas están enfocadas a que os alumn@s compartan ideas, expresen opinións e preferencias, manifesten dúbidas, propoñan solucións, representen e comenten
- a información obtida, integren e compartan aprendizaxes e producións, polas vías de comunicación posibles nesta situación.
- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación: Na actualidade, procuraremos garantir que o alumnado desenvolva certas habilidades, e competencias neste eido.
- Tentar que teñan acceso a auténticos e variados materiais , que exploren e recompilen os
- diversos recursos existentes ao seu alcance e os necesarios para a execución das distintas actividades, involucrando, desta maneira tamén as familias no

proceso da aprendizaxe.

- Educación en valores e adquisición de habilidades sociais: As actividades propostas neste sentido parten da situación real na que se poden atopar os nenos neste momento determinado.
- Con iso, buscamos preparar o alumnado para a vida, promovendo neles valores e habilidades que lles permitan tomar a decisión axeitada á hora de actuar ante determinadas situacións, ou ben por iniciativa propia. Á súa vez, pretendemos fomentar o respecto, a empatía e o espírito
- solidario cara aos demais,
- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE:
- Sendo conscientes de que cada nen@ posúe as súas propias características, situacións familiares e momento na aprendizaxe, as actividades terán un carácter aberto e flexible de maneira que se poidan adaptar a estas circunstancias persoais de cada neno e ao contexto en particular. Nesta aula hai nenos e nenas que asistían á sesións coa logopeda do centro. A titora e a Orientadora artellaron un plan específico para traballar na casa as diferentes dislalias que presentan, ademais de outro plan xeral para a estimulación da linguaxe e o traballo articulatorio.
- Interrelación familia-escola: Ambas deben presentar a disposición necesaria para manter entre sí relacións fluídas, complementarias e coordinadas, co fin de

optimizar o desenvolvemento dos cativos, sempre e neste período, aínda máis. As comunicacións e a coordinación está a ser un éxito en xeral. Só temos problemas de comunicación con dúas familias, non porque non se fixera o posible por contactar con eles, senon porque éstas non mostran interese por estar comunicados. Aínda así reciben información, propostas de actividades, recomendacións... enviadas tanto polo centro como pola mestra titora, utilizando diferentes medios de mensaxería telemática, telefonía e de teleconversa.

- Ao comezo do confinamento déronse unhas recomendacións ás familias de como organizar as rutinas diarias, sempre adaptándose ás condicións familiares.
- Non só se plantexan actividades de repaso e reforzo, senon tamén algunhas de ampliación, según sexa o avance de cada nen@, pois son eles mesmos, os que as reclaman por estar moi motivados, xa que saben que van para 1º de ed. Primaria. Tamén participan nas actividades propostas polo centro, tentando sempre a interacción ata incluso entre outras aulas e ciclos, como por exemplo, as madriñas e padriños lectores do día do libro.
- Temos que suñar que este grupo, ao comezo do confinamento xa acadara os obxectivos para promocionar na ed. Infantil, non hai ningún neno ou nena con necesidades educativas especiais e o nivel do grupo é medio-alto, como xa

apuntamos na avaliación.

ACTIVIDADES REALIZADAS,ATA O MOMENTO,NO TERCEIRO TRIMESTRE:

- Traballo de lecto-escritura :Ler contos cos/as cativos. Traballar antes, durante e despois do conto.Escritura de letras en función do nivel (reprodución do nome/copiado de palabras/separación en sílabas/identificación de letras en textos escritos/repaso de letras...Minúsculas:Vogais e consoantes p,t,n,m,l,v,c,d,b e s,co enlace e en dobre pauta.
- Expresión plástica: debuxo libre, debuxo guiado, representación gráfica dunha realidade, colorear...e diferentes actividades plásticas con materiais de refugallo e titoriais impartidos pola profe ou en youtube,actividades de debuxo con aplicacións como Tux Paint ou diferentes páxinas web.
- Recursos musicais: escoitar cancións, cantar cos nenos/as, reproducir ritmos con distintos materiais, reproducir series rítmicas con segmentos corporais, bailar...Podedes atopar recursos en radiopicariña,Los cantajuegos ou en A galiña Pintadiña.Tamén a elaboración de instrumentos musicais de refugallo,moi bonitos e divertidos.
- Estimulación da motricidade fina axeitando a dificultade á destreza dos nenos/as: ensartar elementos, repasar liñas con lápiz/rotulador/pinceis, recortar, amasar, traballar a presión con pinzas da roupa (poñer un número

determinado de pinzas, poñer pinzas por cores...), recortar con tesoiras, rasgar papeis, facer boliñas e pegalas seguindo un orde, quebracabezas, xogos de construción...

- Estimulación da lóxico-matemática: serie numérica, xogos de asociación número-cantidade e descomposición do 0 ao 12(unha ducia), agrupación por conxuntos, sumas e restas de números ata o 10, figuras xeométricas dadas ,ou sexa, cadrado, círculo, triángulo, rectángulo, óvalo e rombo.
- Diferentes exercizos de psicomotricidade, dende o baile, o xogo, circuítos caseiros e ioga.
- Diferentes aplicacións para descargar como Tux Paint, PUPITRE...
- Exercicios de logopedia para manter en forma uns músculos moi importantes na nosa fala, a lingua, beizos dentes, enxivas e pulmóns. exercizos de Logopedia para problemas específicos dalgúns nenos e nenas, e exercizos para traballarl a articulación. Son exercicios para favorecer o son dun determinado fonema. Para nen@s cun problema cun determinado son. Exercizos cos fonemas /r /múltiple e / r /(ao comezo de palabras e no medio), fonema /z/e/c/ ,fonema /s/, /f/, /l/, /b/, /d/, /j/, /g/. Exercizos con sinfóns, que traballan a articulación de dous sons consoánticos xuntos, nunha mesma sílaba, e vogal. Os sinfóns poden ser co "r" ou co "l". Lembrando sempre que estes exercizos non están orientados a

traballar a lectura, senon a fala.

- Para facer uns 20 minutos diarios, como facían na escola coa profe Maricruz.
- Traballo proposto de inglés para traballar na casa:
- Actividades que teñen dous niveis, en cada nivel 10 temas e en cada tema 5 actividades, en total son 100 actividades moi sinxelas. Recomendamos empezar polo nivel 1.
- Lembrar e poñer en práctica, na casa, o noso proxecto : "Os Superecos" para mellorar os nosos hábitos , o noso planeta e a reciclaxe.
- Completando o proxecto cunha escolma de historias dos superecos, traslación do proxecto da aula á casa, elaboración dun libro dixital con todas as nosas experiencias... baseándonos no recopilatorio do noso proxecto de aula
* <https://www.slideshare.net/macusanbla/os-superecos>
- Recompilatorios dos traballos individuais que son partillados pola mestra e o centro pq fomenta o traballo en equipo e a interacción da comunidade educativa e as actividades conxuntas telemáticas como, "Queda na casa" e outros videos para partillar , a confección da orla, video de fin de curso, contos dixitalizados feitos entre toda a aula...
- Diferentes propostas de actividades de lecer de diferentes entidades como

	<p>Teatro na casa,Vigozoo...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Propostas de diferentes actividades plásticas,realizadas pola profe ou de youtube,con pequenos tutoriais,con materiais de refugallo,que son difundidas e compartidas. • Diferentes actividades propostas dente o centro como a celebración do día do libro,diferentes participacións en vídeos...e as que temos programadas para Os maios e Letras Galegas. • Temos que destacar que,en todo momento,a coordinación entre o profesorado está a ser excelente e as actividades son propostas polo equipo de ciclo e orientación,ademáis das que sexan elaboradas para a aula e cada neno,por cada mestra titora.
<p>Metodoloxía</p>	<p>Nesta época de confinamento pretendemos o desenvolvemento físico, afectivo, cultural e social dos nenos,dentro das posibiliades que esta circunstancia permite.</p> <p>Enfoque globalizador: O principio de globalización entende que a aprendizaxe é un proceso de achegamento global do individuo e considera que a aprendizaxe que realizan os alumnos é produto de múltiples conexións entre os novos coñecementos e os esquemas de</p>

coñecemento xa aprendidos, experimentados ou vividos e os que está a vivir nestas circunstancias.

Esta formulación supón que o nen@ ten que enfrontar as distintas situacións que requiran a súa implicación activa e que o dispoñan a actualizar, reestruturar e enriquecer os seus coñecementos previos na procura de que estas novas experiencias inflúan da maneira máis positiva posible.

Dada a situación que estamos a vivir, todas as actividades presentadas abordáronse desde un enfoque globalizador, achegando ao nen@ ao coñecemento da realidade cunha intención totalizadora, en canto aos elementos que a compoñen.

Deste xeito, cada actividade vai tratar dunhas pautas de observación que nos permitirán establecer unha avaliación inicial dos seus coñecementos previos e considerar de que xeito están a abordar as actividades na casa e en que condicións.

Motivación: Entendemos o termo motivación, neste tempo de confinamento, como a condición que inicia, guía e mantén un comportamento positivo cara as actitudes e aptitudes.

Daquela, o noso obxectivo é incentivar o interese cun material atraínte, rico en estímulos e propicio para fomentar a participación deles e da familia, facéndoa así partícipe neste proceso tan complicado que tocounos vivir, ademais de que costitúan situación de interacción agradable.

Metodoloxía activa: este termo fai referencia a un conxunto de estratexias didácticas que

estimulan ao alumnado a sentirse protagonistas da súa propia aprendizaxe. e ás familias a ser partícipes destas.

Coas actividades propostas pretendemos que o neno participe na construción das súas propias aprendizaxes de maneira activa, de forma que se fomente a observación, a formulación de hipóteses, a busca de recursos, a experimentación, a capacidade crítica e a autonomía.

A programación das actividades adáptase á situación vixente. Á vez que busca dar resposta ás necesidades dos nen@s, a selección de obxectivos, contidos e criterios de avaliación aquí formulados, está adaptada ás necesidades do momento e pretenden amoldarse aos diferentes ritmos das aprendizaxe de cada un deles.

Socialización e comunicación: Consideramos que, nestes momentos, é importante formular situacións de aprendizaxe nas que o neno atope momentos para agruparse cos seus iguais e sentir o apoio dos demais, axudaranlle a socializarse a través da comunicación coas mestras e con outros compañeir@s, grazas aos diferentes medios de comunicación que temos.

Neste senso, consideremos o xogo un elemento básico e primordial xa que as distintas situacións que se xeren con él, facilitarán o proceso intelectual e afectivo do neno, ademáis da interacción familiar.

As actividades propostas están enfocadas a que os alumn@s compartan ideas, expresen opinións e preferencias, manifesten dúbidas, propoñan solucións, representen e comenten

a información obtida, integren e compartan aprendizaxes e producións, polas vías de comunicación posibles nesta situación.

Uso das tecnoloxías da información e da comunicación: Na actualidade, procuraremos garantir que o alumnado desenvolva certas habilidades, e competencias neste eido.

Tentar que teñan acceso a auténticos e variados materiais , que exploren e recompilen os diversos recursos existentes ao seu alcance e os necesarios para a execución das distintas actividades, involucrando, desta maneira tamén as familias no proceso da aprendizaxe.

Educación en valores e adquisición de habilidades sociais: As actividades propostas neste sentido parten da situación real na que se poden atopar os nenos neste momento determinado.

Con iso, buscamos preparar o alumnado para a vida, promovendo neles valores e habilidades que lles permitan tomar a decisión axeitada á hora de actuar ante determinadas situacións, ou ben por iniciativa propia. Á súa vez, pretendemos fomentar o respecto, a empatía e o espírito solidario cara aos demais,

Interrelación familia-escola: Ambas deben presentar a disposición necesaria para manter

entre sí relacións fluídas, complementarias e coordinadas, co fin de optimizar o desenvolvemento dos cativos, sempre e neste período, aínda máis. As comunicacións e a coordinación están a ser un éxito en xeral. Só temos problemas de comunicación con dúas familias, non porque non se fixera o posible por contactar con eles, senon porque estas non mostran interese por estar comunicados. Aínda así reciben información, propostas de actividades, recomendacións... enviadas tanto polo centro como pola mestra titora, utilizando diferentes medios de mensaxería telemática, telefonía e de teleconversa. Ao comezo do confinamento déronse unhas recomendacións ás familias de como organizar as rutinas diarias, sempre adaptándose ás condicións familiares. Non só se plantexan actividades de repaso e reforzo, senon tamén algunhas de ampliación, según sexa o avance de cada nen@, pois son eles mesmos, os que reclaman por estar moi motivados, xa que saben que van para 1º de ed. Primaria. Tamén participan nas actividades propostas polo centro, tentando sempre a interacción ata incluso entre outras aulas e ciclos, como por exemplo, as madriñas e padriños lectores do día do libro. Temos que suñar que este grupo, ao comezo do confinamento xa acadara os obxectivos para promocionar na ed. Infantil, non hai ningún neno ou nena con necesidades educativas especiais e o nivel do grupo é medio-alto, como xa apuntamos na avaliación.

Materiais e recursos

- Para a comunicación cos cativos, familias e outras mestras: Teléfono, Tokapp school, correo electrónico, wassap, Dúo de Google, Zoom e Cisco para video-

chamadas e videoconferencias.

- Para traballo de tod@s:Diferentes plataformas, repositorios de contidos e páxinas web de información e consulta e traballo telemático,diferentes ferramentas tics para edición de documentos,fotografía,videos..
- Para traballo individual das mestras:diferentes programas informáticos tanto de office,como on -line,como editores de texto,pdf,presentaciones, editores de video...
- Para traballar na casa :Materiais comúns do fogar,de refugallo,naturais,funxible escolar e non escolar,ordenador,tablet,móbil...
- Contidos de interese ofertados por Asociacións,entidades de todo tipo:Abanca,Vigozoo,Editoriais diversas...
- Como apuntamento,parécenos moi importante que,cara ao curso que ven,os [nen@s](#) poideran dispor,alo menos dunha tablet e unha axeitada conectividade a internet.Sabemos que é complicado pero ofertar axudas ás familias para tal finalidade sería unha boa medida.Pensando no curso que ven e as creación das aulas virtuais sería unha boa proposta para os problemas de conectividade.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

- Xa está explicada nos anteriores puntos.
- Únicamente resaltar que todo o exposto anteriormente é remitido semanalmente e detalladamente á dirección do centro e, en todo momento, están ao tanto de calquera incidencia que poida xurdir.
- O equipo de ciclo está en contacto permanente por grupo de wassap e videoconferencias con Dúo de Google.Co resto do centro son vía wassap, permanentemente, e os claustros e xuntanzas por videoconferencia de Cisco.
- As propostas de traballo telemático de aula para os alumn@s, as propostas de traballo do centro e algunhas das producións realizadas, publícanse na páxina web do centro e no blogue de "Picolindo".

Publicidade

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

